



**Concello de Muras**  
Praza da Galeguidade, 4  
27836 Muras (Lugo)

**UT A12X00215**

Enerxía e Minas

**Expediente:** IN408A/2020/156

**Solicitante/Promotor:** HEPOTAS, SL (B15836158)

**Denominación:** Parque Eólico Hépotas II

**Situación:** Concello de Muras (Lugo)

**Asunto:** Remisión de documentación para o trámite de información pública e para o trámite de audiencia a ese concello

Achégase a documentación que de seguido se relaciona, para facilitar ás persoas afectadas a súa consulta nese Concello e realizar, así mesmo, o debido trámite de audiencia a ese organismo:

- ACORDO do 25 de novembro de 2022 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto de execución do Parque Eólico Hépotas II, no concello de Muras. Exp. IN408A/2020/156

- Proxecto de Execución

- Proxecto Sectorial

- Estudo de Impacto Ambiental

Esta documentación poderá descargarse a través da seguinte ligazón:

<http://descargas.xunta.es/c82864db-dd05-4db0-9ef4-7e2392c012b81669371769471>

Tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Industria e Innovación (unha vez que se proceda á súa publicación no DOG), a través da seguinte ligazón:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/hepotas2>





Unha vez que transcorra o prazo indicado, que será de **30 días** (art. 47.2 e 38.1 d) da dita lei), contados a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo, **deberá remitir a esta Xefatura Territorial, as alegacións que de, ser o caso, se formulasen** polo concello ou polos/as interesados/as na súa sede, para o seu traslado á mercantil promotora e incorporación ao expediente administrativo.

Ademais do anterior, de acordo co artigo 9.4 da Lei 21/2013, de Avaliación Ambiental o Concello deberá emitir **e achegar certificación da exposición pública na que faga constar o lugar e período no que estivo exposta a documentación ambiental.**

Todo isto de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia), na Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia, así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Asinado dixitalmente en Lugo na data da marxe  
El jefe territorial  
Gustavo J. Casasola de Cabo

